



TRADIGALU₂₀₂₆

(PROGRAMA DA ÁREA DE CULTURA—VICEPRESIDENCIA DA DEPUTACIÓN DE LUGO)

CONCERTO MÚSICA TRADICIONAL A CARGO DO GRUPO

OS VALUROS

DE CASTRO DE REI

SÁBADO 27 DE XUÑO DE 2026

AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA

O **Instituto de Estudos Chairegos**, continuando co desenvolvemento do programa de actividades do presente mes de xuño, organiza, coa colaboración co **Concello de Vilalba** un **concerto de música tradicional** a cargo do grupo **OS VALUROS** de **Castro de Rei**, dentro do Programa **TRADIGALU** convocado pola **Área de Cultura-Vicepresidencia da Deputación de Lugo** para o presente ano 2026.

O acto terá lugar no **Auditorio Municipal de Vilalba**, o **sábado 27 de xuño de 2026, ás 20:00**. A entrada será de

balde, pero haberá que facer reserva de localidades (entradasvilalba.es).

Tradigalu é unha iniciativa da **Área de Cultura-Vicepresidencia da Deputación de Lugo** de carácter itinerante e integradora dentro do ámbito territorial comarcal provincial, pensada para complementar e/ou espallar a programación cultural de natureza musical ás 13 comarcas da provincia de Lugo, xerando sinerxias para o desenvolvemento económico, para a promoción musico-cultural e para fomentar a integración e o benestar social ao permitir o acceso á cultura musical de toda a cidadanía.

Neste programa participan **grupos corais, grupos de música tradicional e bandas de música radicadas na provincia de Lugo** e cuxas actuacións percorren o territorio das 13 comarcas da Provincia.

GRUPO OS VALUROS (Castro de Rei)

“**Os Valuros** naceron no ano 1990 froito da unión dun pequeno grupo de nenas e nenos do concello de Castro de Rei (Lugo) e arredores. Unidos polo seu amor á música tradicional traballaron arreo para converterse en músicos e bailadores; o que supón un papel básico no futuro das tradicións.

Hoxe en día forman un variado grupo de música tradicional onde non faltan gaitas, saxofóns, acordeóns, pandeiretas, percusións e un coro tradicional ademais dos grupos de baile. No seu 25 aniversario publicaron o seu primeiro traballo discográfico '**Valurias**'. Un exemplo claro do papel que xogan as distintas asociacións que ao longo de todo o país transmiten os coñecementos das tradicións ás novas xeracións para que saiban conservalas, respectalas e poñelas en valor.” (extraído de https://www.pontevedraviva.com/gl/rumboia/rumboia-139-os-valuros_103631_102.html)